

O FIN DO CAMIÑO

“Dáme, pois, Señor, a Gloria de ser en Santiago...”

EL FIN DEL CAMINO

“Dame, pues, Señor, la Gloria de ser en Santiago...”

THE END OF THE WAY


“Give me, then, Lord, the glory of being in Santiago...”

(Urbano Lugrís)

FOTOS: EDUARDO OCHOA - CARLOS PUGA

TEXTOS: XULIO XIZ





O FIN DO CAMIÑO

Os Camiños que conducen a Compostela teñen unha "fin" física perfectamente delimitada. Todos finalizan ante o sepulcro do discípulo amigo de Xesús, Santiago o Maior ou Santiago o Peregrino, que ten trono e rexia mansión neste –durante tantos séculos– final do mundo coñecido.

Aquí remata o Camiño físico, o esforzo, o sacrificio. E aquí empieza todo. A fin do Camiño física é o comezo dunha vida diferente.

EL FIN DEL CAMINO


Los Caminos que conducen a Compostela tienen un "fin" físico perfectamente delimitado. Todos finalizan ante el sepulcro del discípulo amigo de Jesús, Santiago el Mayor o Santiago el Peregrino, que tiene trono y regia mansión en este –durante tantos siglos– final del mundo conocido.

Aquí acaba el Camino físico, el esfuerzo, el sacrificio. Y aquí empieza todo. El fin del Camino físico es el comienzo de una vida diferente.

THE END OF THE WAY

The Ways leading to Compostela have a perfectly defined physical "end". All of them end at the grave of the disciple and friend of Jesus, St. James the Great also known as St. James the Pilgrim, that had a throne and a regal mansion at –for many centuries– the end of the known world.

Here ends the physical Way, the effort, the sacrifice. And it all starts here. The end of the physical Way is the beginning of a new life.




"Non é peregrino senón o que vai cara á casa de Santiago ou volve dela"

"No es peregrino sino el que va hacia la casa de Santiago o vuelve de ella"

"No one is a pilgrim, but the one that goes to the house of Santiago or returns from it"

(Dante)





O MOTOR DA FE

O motor que move ao camiñante é diferente en cada persoa pero similar en todo peregrino. Aínda non sendo plenamente consciente da forza que o impulsa, a viaxe abrirá os seus ollos á Luz, descubrindo que o Camiño ten vida propia: a de todos os que no transcurso de máis dun milenio fixeron camiño ao andar. E cada peregrino comunga cos que lle precederon, e deixa a súa pegada para os camiñantes do futuro.

O Camiño é un reto persoal que nos leva ao encontro co mellor que hai en nós mesmos, e se o Camiño exterior que percorremos é o marco da peregrinación, o Camiño interior que viviremos deixaranos marcados para sempre.

EL MOTOR DE LA FE


El motor que mueve al caminante es diferente en cada persona pero similar en todo peregrino. Aun no siendo plenamente consciente de la fuerza que lo impulsa, el viaje abrirá sus ojos a la Luz, descubriendo que el Camino tiene vida propia: la de todos los que en el transcurso de más de un milenio hicieron camino al andar. Y cada peregrino comunica con los que le precedieron, y deja su huella para los caminantes del futuro.

El Camino es un reto personal que nos lleva al encuentro con lo mejor que hay en nosotros mismos, y si el Camino exterior que recorremos es el marco del peregrinaje, el Camino interior que viviremos nos dejará marcados para siempre.

THE ENGINE OF FAITH

The engine that drives one to walk is different for each individual but similar in every pilgrim. Not fully aware of the force behind them, the journey will open their eyes to the Light, revealing to them that the Way has its own life: that of all who, over the course of more than a millennium, created the Way by walking. And each pilgrim communes with those who preceded them, and leaves their mark for future pilgrims.

The Way is a personal challenge that leads us to an encounter with the best of ourselves, and if the exterior Way is part of the pilgrimage, the interior Way that we will live inside will leave us touched forever.




“O áspero camiño / vence con devoción, e á fin adórate...”

“El áspero camino / vence con devoción, y al fin te adora...”

“The rough way / overcomes with devotion, and finally adores you...”

(Fr. Luís de León)





HAI MÁIS DE MIL ANOS

En tempos escuros, empezamos a camiñar. E xurdiron sendeiros que a fe converteu en camiños luminosos para guiar ás xentes cara ao seu destino. E o máis brillante deses camiños comenzou en tempos en que historia e lenda se confunden, en dirección a Galicia, ao sepulcro do Apóstolo Santiago, o Fillo do Trono, o primeiro mártir dos Doce.

E o Camiño inicial multiplicouse en decenas de camiños que forman unha intrincada rede que permite afirmar, hoxe como onte, que todos os camiños conducen a Compostela. E que ese Camiño, ese impulso camiñante, está, máis de mil anos despois, máis vivo que nunca.

HACE MÁS DE MIL AÑOS

En tiempos oscuros, empezamos a caminar. Y surgieron senderos que la fe convirtió en caminos luminosos para guiar a las gentes hacia su destino. Y el más brillante de esos caminos comenzó en tiempos en que historia y leyenda se confunden, en dirección a Galicia, al sepulcro del Apóstol Santiago, el Hijo del Trueno, el primer mártir de los Doce.

Y el Camino inicial se multiplicó en decenas de caminos que forman una intrincada red que permite afirmar, hoy como ayer, que todos los caminos conducen a Compostela. Y que ese Camino, ese impulso caminante, está, más de mil años después, más vivo que nunca.


MORE THAN A THOUSAND YEARS AGO

"Os trobeiros e os monxes median a terra con cantos de peregrinos..."
"Los troveros y los monjes median la tierra con cantos de peregrinos..."
"The minstrels and monks measured the earth with songs of pilgrims..."

(Filgueira Valverde)

In dark times, we started walking, and paths emerged that were converted into luminous Ways by faith, to guide people to their destination. The brightest of these paths began at a time when history and legend were the same, towards Galicia, to the tomb of St. James, Son of Thunder, and first martyr of the Twelve.

And the primitive Way multiplied into dozens of paths that form an intricate network that allows us to affirm, now just as strongly as yesteryear, that all paths lead to Compostela, and that this Way, this impulse to walk, is, more than a thousand years later, more alive than ever before.



CARA A UNHA TERRA DE BRUMAS E DE LUZ

Os peregrinos sabían que o Camiño tiña glorioso remate nun "finis-terrae", unha terra afastada envolvida en brumas de lenda que atraía como un imán por unha ruta chea de dificultades. O reto do Camiño era e é especialmente físico, aínda que para vencelo hai que ter unha presenza de ánimo que supere todas as penalidades.

O camiño a Occidente lévanos a unha terra sempre verde, ás veces lóbrega no físico... pero os peregrinos sabían e saben que nesta terra afastada e ignota brilla unha luz fulxente, que ilumina a todo un continente trazando o maior dos camiños europeos.

HACIA UNA TIERRA DE BRUMAS Y DE LUZ


Los peregrinos sabían que el Camino tenía glorioso remate en un "finis-terrae", una tierra lejana envuelta en brumas de leyenda que atraía como un imán por una ruta llena de dificultades. El reto del Camino era y es especialmente físico, aunque para vencerlo hay que tener una presencia de ánimo que supere todas las penalidades.

El camino a Occidente nos lleva a una tierra siempre verde, a veces lóbrega en lo físico... pero los peregrinos sabían y saben que en esta tierra lejana e ignota brilla una luz fulgente, que ilumina a todo un continente trazando el mayor de los caminos europeos.

TOWARDS A LAND OF MIST AND LIGHT

The pilgrims knew that the Way had a glorious end in a "finis-terrae", a distant land wrapped in legendary mists as attractive as a magnet through a path full of difficulties. The challenge of the Way was, and is particularly physical, but to beat it you must have courage to overcome all hardships.

The path to the West leads to an evergreen land, sometimes murky physically... but pilgrims knew and know that in this distant and unknown land a glittering light shines, illuminating an entire continent by tracing the greatest European paths.



"A senda percorrida polos heroes clásicos camiño do ceo, faise Camiño de Santiago de Galicia"

"La senda recorrida por los héroes clásicos camino del cielo, se hace Camino de Santiago de Galicia"

"The path travelled by classical heroes on the path to heaven, is converted into the Way of Saint James of Galicia"

(José Luis Pensado)





DE AFASTADAS TERRAS

Cando a comezos do século IX se descobre a tumba do Apóstolo Santiago, a noticia esténdese por toda Europa. O Rei Alfonso II o Casto foi o primeiro peregrino da historia. E despois, de todo o Vello Mundo acoden peregrinos a Compostela.

Santiago consigue ser o Norte relixioso para as xentes que expresaban a súa fe e a súa devoción a través do Camiño. Na primeira metade do século XI o Camiño xa é a primeira Ruta da Fe para os cristiáns de Occidente. Foron millóns os que en Compostela buscaron a tumba do Apóstolo. E Galicia abriuse ao mundo a través do Gran Camiño dos Cristiáns.

DE LEJANAS TIERRAS


Cuando a comienzos del siglo IX se descubre la tumba del Apóstol Santiago, la noticia se extiende por toda Europa. El rey Alfonso II el Casto fue el primer peregrino de la historia. Y después, de todo el Viejo Mundo acuden peregrinos a Compostela.

Santiago consigue ser el Norte religioso para las gentes que expresaban su fe y su devoción a través del Camino. En la primera mitad del siglo XI el Camino ya es la primera Ruta de la Fe para los cristianos de Occidente. Fueron millones los que en Compostela buscaron la tumba del Apóstol. Y Galicia se abrió al mundo a través del Gran Camino de los Cristianos.

FROM FARAWAY LANDS

When the tomb of St. James was discovered in the early ninth century, the news spread throughout Europe. King Alfonso II was the first pilgrim in history. And afterwards pilgrims came to Compostela from all over the Old World.

Santiago becomes the religious North for people expressing their faith and devotion through the Way. In the first half of the eleventh century the Way is already the first Path of Faith for Western Christians. Millions of people searched the tomb of the Apostle in Compostela. And Galicia was opened to the world through the Great Way of Christians.



"En Sant-yago sendo albergado / en un-ha pouada chegaron romeus"

"En Sant-yago siendo albergado / en una posada llegaron romeros"

"Being hosted in Sant-yago / pilgrims arrived to an inn"

(Ayras Nunes)





TODOS OS CAMIÑOS LEVAN A COMPOSTELA

E foron tres as cidades santas da Cristiandade: Roma, á que acudían romeiros; Xerusalén, a que visitaban os palmeiros; e Compostela, a cidade de Santiago, meta dos peregrinos. Todos os camiños do Vello Mundo levaron e leván a Compostela.

Cando a festa de Santiago coincide en domingo, celebramos un Ano Santo Compostelán. Con el, os peregrinos obteñen en Compostela as mesmas grazas que na capital do mundo cristian. E soubemos de Camiños "Dos Ingleses", "Portugués", "Ruta Marítima", "De Fisterra", "Primitivo", "Do Norte"... se ben o Camiño Francés foi e é o Camiño por excelencia para chegar a Compostela.

TODOS LOS CAMINOS LLEVAN A COMPOSTELA


Y fueron tres las ciudades santas de la Cristiandad: Roma, a la que acudían romeros; Jerusalén, la que visitaban los palmeros; y Compostela, la ciudad de Santiago, meta de los peregrinos. Todos los caminos del Viejo Mundo llevaron y llevan a Compostela.

Cuando la fiesta de Santiago coincide en domingo, celebramos un Año Santo Compostelano. Con él, los peregrinos obtienen en Compostela las mismas gracias que en la capital del mundo cristiano. Y supimos de Caminos "De Los Ingleses", "Portugués", "Ruta Marítima", "De Fisterra", "Primitivo", "Del Norte"... si bien el Camino Francés fue y es el Camino por excelencia para llegar a Compostela.

ALL PATHS LEAD TO COMPOSTELA

There were three holy cities in Christianity: Rome, to which "romeros" flocked; Jerusalem, visited by the "palmeros"; and Compostela, Santiago's city, target for pilgrims. All paths of the Old World have led and lead to Compostela.

When the feast of St. James falls on a Sunday, a Holy Year of Compostela is celebrated. During this time, pilgrims obtain in Compostela the same graces than in the capital of the Christian world. And we knew of many Ways, such as the "English Way", "Portuguese Way", "Sea Way", "Finisterre Way", "Primitive Way", "Northern Way"... although the French Way was and is the main Way to Compostela.




"En toda Europa, non hai camiño más cosario..."

"En toda Europa, no hay camino más cosario..."

"Across all of Europe, there is no path more visited..."

(Tirso de Molina)



"Verás a marabilla do Camiño, / camino de soñada Compostela"

"Verás la maravilla del Camino, / camino de soñada Compostela"

"You will see the wonder of the road, / path to the dreamed Compostela"

(Antonio Machado)

FAISE CAMIÑO AO ANDAR

Os monarcas comprenderon a importancia do Camiño como vínculo social, relixioso e político, e erixiron hospitais, mosteiros, igrexas, hospedaxes...

Construíronse pontes e acomodáronse pasos, xurdiron pobos e cidades... Os peregrinos pasan, pero o Camiño permanece. E así é posible que, máis de mil anos despois, o Camiño Francés a Compostela fose declarado "Patrimonio da Humanidade" e siga sendo a "Rúa Maior de Europa".

SE HACE CAMINO AL ANDAR

Los monarcas comprendieron la importancia del Camino como vínculo social, religioso y político, y erigieron hospitales, monasterios, iglesias, hospederías...

Se construyeron puentes y se acomodaron pasos, surgieron pueblos y ciudades... Los peregrinos pasan, pero el Camino permanece. Y así es posible que, más de mil años después, el Camino Francés a Compostela haya sido declarado "Patrimonio de la Humanidad" y siga siendo la "Calle Mayor de Europa".

ONE MAKES THE WAY THROUGH WALKING

Monarchs understood the importance of the Way as a social, religious and political link, and erected hospitals, monasteries, churches, hostels...

Bridges were built, and roads were improved; new villages and cities arose... Pilgrims go by, but the Way stays. Therefore it was made possible that more than a thousand years later, the French Way to Compostela was declared a "World Heritage Site" and remains the "Most Important Street of Europe".



EUROPA MÍRASE EN COMPOSTELA

Cluny abriunos as portas de Europa, e trouxo nova vida para o Camiño. E o Calixtino, que dende hai nove séculos é memoria do Camiño e a peregrinación.

Polos Camiños achegámonos a Europa, porque os peregrinos traían consigo, ademais da súa fe, os seus coñecementos, anhelos, crenzas e querenzas. Polo Camiño chegaron as músicas de afastadas terras. No Camiño faláronse todos os idiomas, gozando a ruta dun auténtico "don de linguas". E Compostela acolleu a todos, unificou ritos, entendeu os seus costumes... e por iso hoxe –crisol de culturas e coñecementos– é un espello no que se reflicte o espírito, o pasado e o futuro de Europa.

EUROPA SE MIRA EN COMPOSTELA


Cluny nos abrió las puertas de Europa, y trajo nueva vida para el Camino. Y el Calixtino, que desde hace nueve siglos es memoria del Camino y la peregrinación.

Por los Caminos nos acercamos a Europa, porque los peregrinos traían consigo, además de su fe, sus conocimientos, anhelos, creencias y querencias. Por el Camino llegaron las músicas de lejanas tierras. En el Camino se hablaron todos los idiomas, gozando la ruta de un auténtico "don de lenguas". Y Compostela acogió a todos, unificó ritos, entendió sus costumbres... y por eso hoy –crisol de culturas y conocimientos– es un espejo en el que se refleja el espíritu, el pasado y el futuro de Europa.

EUROPE REFLECTS IN COMPOSTELA

Cluny opened the doors of Europe, and brought new life to the Way. And the Codex Calixtinus, which for nine centuries has been a reminder of the Way and of the pilgrimage.

Along the Ways we came to Europe because the pilgrims brought with them, besides their faith, their knowledge, desires, beliefs, and inclinations. By the Way music came from afar. All languages were spoken on the Way, which boasted a true "gift of tongues". And Compostela welcomed everyone; unified rites; understood their customs... and so today it –crucible of cultures and knowledge– is a mirror that reflects the spirit, the past and the future of Europe.




"O Camiño de Santiago é a vereda da europeización..."

"El Camino de Santiago es la vereda de la europeización..."

"Saint James Way is the path to europeanisation..."

(Antonio Fraguas)





EN MULTITUDE OU EN SOIADA

Dende tempo inmemorial, viaxar foi ardua empresa, con problemas que se agudizaban nos frecuentes tempos de guerras sen cuartel. Por iso entendeuse a dura e longa víaxe como a mellor expresión de devoción e de fe. En grupo, para sufrir e gozar colectivamente. Ou en solitario, para vivir máis intensamente a experiencia itinerante.

O peregrino deixa a súa casa e aventúrase por longa ruta, sometido a todas as inclemencias, soamente sostido pola súa confianza, pola súa fe. E áinda que viaxe en multitud, na práctica estará só, co Camiño. E na medida que descubra o Camiño, que se interne no seu interior, perderá esa soiada porque se terá encontrado a si mesmo.

EN MULTITUD O EN SOLEDAD


Desde tiempo inmemorial, viajar fue ardua empresa, con problemas que se agudizaban en los frecuentes tiempos de guerras sin cuartel. Por eso se entendió el duro y largo viaje como la mejor expresión de devoción y de fe. En grupo, para sufrir y disfrutar colectivamente. O en solitario, para vivir más intensamente la experiencia itinerante.

El peregrino deja su casa y se aventura por larga ruta, sometido a todas las inclemencias, sólo sostenido por su confianza, por su fe. Y aunque viaje en multitud, en la práctica estará sólo, con el Camino. Y en la medida que descubra el Camino, que se interne en su interior, perderá esa soledad porque se habrá encontrado a sí mismo.

ALONE OR IN A CROWD

From immemorial time, travelling was an arduous feat, with more acute problems in frequent times of war. For this reason, one understood the hard and long journey to be the best expression of devotion and faith: in a group, in order to suffer and enjoy collectively; or alone, in order to live the itinerant experience more intensely.

Pilgrims would leave their home and venture out to a long route, subjected to all the elements, sustained only by their confidence and by their faith. And even if they travelled in crowds, in practice they would be alone with the Way. As they discovered the Way, that entered within them, they would lose that loneliness because they will have found themselves.




"Carlamagno viu no ceo un camiño de estrelas... que ía ferir en Galicia"

"Carlamagno vio en el cielo un camino de estrellas... que iba a herir en Galicia"

"Charlemagne saw in the sky a path of stars... that were going to hit Galicia"

(Codex Calixtinus)





"Xa se parte don Rodrigo / que de Vivar se apellida / para visitar Santiago / onde vai en romaría..."

"Ya se parte don Rodrigo / que de Vivar se apellida / para visitar Santiago / donde va en romería..."

"Thus parts Don Rodrigo / who is named de Vivar / to visit Santiago / whereto he goes as pilgrimage..."

(Lorenzo de Sepúlveda)



PEREGRINOS SINGULARES

Dende que Alfonso II o Casto abriu o primeiro Camiño, o Primitivo, fixeron este ou outros camiños, santos, papas, reis, nobres... dos que gardamos memoria. Son a parte "visible" da historia das peregrinacións.

Foi en 1214 cando Francisco de Asís peregrinou a Compostela. Oitocentos anos sepárnos deste acontecemento singular que vén acreditar a tradición, a antigüidade, a atracción que sempre Compostela tivo entre os cristíans, santos ou pecadores, reis ou vasallos, nobres ou reos que buscaban a redención das súas culpas.

PEREGRINOS SINGULARES

Desde que Alfonso II el Casto abrió el primer Camino, el Primitivo, hicieron éste u otros caminos, santos, papas, reyes, nobles... de los que guardamos memoria. Son la parte "visible" de la historia de las peregrinaciones.

Fue en 1214 cuando Francisco de Asís peregrinó a Compostela. Ochocientos años nos separan de este acontecimiento singular que viene a acreditar la tradición, la antigüedad, la atracción que siempre Compostela tuvo entre los cristianos, santos o pecadores, reyes o vasallos, nobles o reos que buscaban la redención de sus culpas.

FAMOUS PILGRIMS

Ever since Alfonso II "The Chaste" opened the first "Primitive" Way, saints, popes, kings, nobles... travelled through it, and we keep memory of them. They are the "visible" part of the history of pilgrimages.

It was in 1214 when Francis of Assisi made pilgrimage to Compostela. Eight hundred years separate us from this unique event that establishes the tradition, the antiquity, the attraction that Compostela has always had among Christians: saints or sinners, kings or vassals and nobles or criminals seeking redemption for their faults.



TODO O POBO DE DEUS

Interésannos os peregrinos anónimos, que fixeron o Camiño para redimir culpas, para pedir ou agradecer, humilde e silenciosamente, como algo exclusivo entre eles e a súa inspiración; peregrinos que dependían da caridade das xentes, eran emisarios de fe, potenciaban a paz e a concordia, e proclamaban a súa devoción nunha ruta difícil que para ser superada requería unha forza interior que animase ao peregrino e unha sintonía harmoniosa de cantos contemplaban o seu paso.

Eles son o pobo de Deus, formado por todos os peregrinos sen nome coñecido –sen esquecer a ningúen que a historia recolla– que non é posible recordar individualmente, pero que colectivamente están no recordo de todos, porque entre todos fixeron o Camiño.

TODO EL PUEBLO DE DIOS


Nos interesan los peregrinos anónimos, que hicieron el Camino para redimir culpas, para pedir o agradecer, humilde y silenciosamente, como algo exclusivo entre ellos y su inspiración; peregrinos que dependían de la caridad de los lugareños, eran emisarios de fe, potenciaban la paz y la concordia, y proclamaban su devoción en una ruta difícil que para ser superada requería una fuerza interior que animase al peregrino y una sintonía armoniosa de cuantos contemplaban su paso.

Ellos son el pueblo de Dios, formado por todos los peregrinos sin nombre conocido –sin olvidar a nadie que la historia recoja– que no es posible recordar individualmente, pero que colectivamente están en el recuerdo de todos, porque entre todos hicieron el Camino.

THE WHOLE PEOPLE OF GOD

We are interested in those anonymous pilgrims who walked the Way to redeem sins, to ask or to thank humbly and quietly as something unique among them and their inspiration; pilgrims who depended upon the charity of the locals. And they were messengers of the faith, who strengthened peace and harmony, and proclaimed their devotion through a difficult path that, in order to be overcome, needed an inner strength that encouraged pilgrims, and a certain harmony from all who watched their walk.

They are the people of God, formed by all the pilgrims with unknown names –without forgetting anyone named by history– that cannot be recalled individually; collectively they are in everyone's memory, because all of them made the Way.





"Quero xacer contigo, / como xacer costuman / dous vagos peregrinos..."

"Quiero yacer contigo, / como yacer acostumbran / dos vagos peregrinos..."

"I want to lie with you, / as accustomed to lying as / two lazy pilgrims..."

(Eduardo Pondal)





"A Compostela achégase un como quien se achega ao milagre"

"A Compostela se acerca uno como quien se acerca al milagro"

"One approaches Compostela as one approaches the miracle"

(Álvaro Cunqueiro)

BUSCANDO A PAZ

O primeiro paso para a paz colectiva é a paz individual. O Camiño é unha vía de paz, para todo o que saiba e queira buscalo, que naceu, precisamente, cando os valores humanos se centraban na guerra como medio para solucionar conflitos. E nos tempos convulsos da Idade Media o Camiño cobrou un papel principal que foi logo perdendo co paso do tempo.

E tivo que ser na segunda metade do século XX, o das guerras más cruentas e o das iniciativas de paz más fructíferas, que o Camiño volvese á vida, despois dun letargo de séculos. E de novo volve ser ruta de paz, rescatada para sempre.

BUSCANDO LA PAZ


El primer paso para la paz colectiva es la paz individual. El Camino es una vía de paz, para todo el que sepa y quiera buscarla, que nació, precisamente, cuando los valores humanos se centraban en la guerra como medio para solucionar conflictos. Y en los tiempos convulsos de la Edad Media el Camino cobró un papel principal que fue luego perdiendo con el paso del tiempo.

Y tuvo que ser en la segunda mitad del siglo XX, el de las guerras más cruentas y el de las iniciativas de paz más fructíferas, que el Camino volviese a la vida después de un letargo de siglos. Y de nuevo vuelve a ser ruta de paz, rescatada para siempre.

LOOKING FOR PEACE

The first step to collective peace is individual peace. The Way is a path of peace, to all who know and want to look for it, born precisely when human values focused on war as a means to resolve conflicts. In the turbulent Middle Ages the Way took on a main role that was later lost with the passing of time.

And it had to be in the second half of the twentieth century, the century with the bloodiest wars and the most fruitful peace initiatives, when the Way was raised back to life after a centuries-long slumber. Now it has returned again to be a path for peace, rescued forever.



UN MILLÓN DE PASOS

A tradición quere que haxa un millón de pasos dende Roncesvalles a Compostela. Ese millón de pasos atoparémoslo en calquera dos camiños porque non é unha medida física senón de vontade e entusiasmo.

E a cifra de "un millón" é simbólica para significar enormidade, desmesura... porque o camiño é enorme, complexo, desmedido... para as forzas e as medidas humanas. Pero afortunadamente hai outras "varas de medir", e o millón de pasos afróntase con ilusión, con decisión, con fe.

UN MILLÓN DE PASOS


La tradición quiere que haya un millón de pasos desde Roncesvalles a Compostela. Ese millón de pasos lo encontraremos en cualquiera de los caminos porque no es una medida física sino de voluntad y entusiasmo.

Y la cifra de "un millón" es simbólica para significar enormidad, desmesura... porque el camino es enorme, complejo, desmedido... para las fuerzas y las medidas humanas. Pero afortunadamente hay otras "varas de medir", y el millón de pasos se afronta con ilusión, con decisión, con fe.

A MILLION STEPS

Tradition wants there to be a million steps from Roncesvalles to Santiago. These million steps are to be found in any of the paths because it is not a physical measure but a measure of will and enthusiasm.

And the number "one million" is a symbol for enormity, excess... because the Way is huge, complex, disproportionate... for human forces and measures. But fortunately there are other measuring rods, and the million steps are approached with determination and with faith.



"Compostela fáise en torno á campá.
A campá vaino creando todo día a día, século a século, sen más que dar a hora"

"Compostela se hace en torno a la campana.
La campana lo va creando todo día a día, siglo a siglo, sin más que dar la hora"

"Compostela is centred around the bell.
The bell creates everything day by day, century after century, yet not doing more than telling the time"

(Torrente Ballester)



CADEA DE FERVORES

O peregrino encontrará no Camiño comprensión, axuda, amizade... hospitaleiros, informadores, xentes do común, os outros peregrinos... É un mundo diferente, ao que só acceden os que camiñan na dirección axeitada.

O Camiño é o lugar perfecto para encontrarse... E haberá falsos camiñantes que pretendan engañar ao peregrino, porque non hai paraíso sen serpe. Pero a inmensa mayoría das xentes do Camiño son desprendidas, entusiastas, que merecen confianza e a ofrecen, que sintonizan entre si cunha cadea de fervores por saber despoxarse de ataduras, abrir a mente ao mundo, seguir un Camiño para chegar á súa fin.

CADENA DE FERVORES



El peregrino encontrará en el Camino comprensión, ayuda, amistad... hospitaleros, informadores, gentes del común, los otros peregrinos... Es un mundo diferente, al que sólo acceden los que caminan en la dirección adecuada.

El Camino es el lugar perfecto para encontrarse... Y habrá falsos caminantes que pretendan engañar al peregrino, porque no hay paraíso sin serpiente. Pero la inmensa mayoría de las gentes del Camino son desprendidas, entusiastas, que merecen confianza y la ofrecen, que sintonizan entre sí con una cadena de fervores por saber despajarse de ataduras, abrir la mente al mundo, seguir un Camino para llegar a su fin.

CHAIN OF ARDOURS

The pilgrim will find on the Way understanding, support, friendship... landlords, informants, ordinary people, other pilgrims... It is a different world, which only reaches those who walk in the right direction.

The Way is the perfect place to meet oneself... There will be false walkers intending to deceive the pilgrim, because there is no paradise without a snake. But the vast majority of people of the Way are detached people, enthusiasts, who deserve trust and offer it to you, that sympathise with each other with fervour because they know how to release themselves from any bonds; they open their mind to the world and they follow a Way to arrive at its end.



"Na vertixe tumultuosa do vivir actual,
é un doce remanso a evocación dun camiño lento..."

"En el vértigo tumultuoso del vivir actual,
es un dulce remanso la evocación de un camino lento..."

"In the riotous vertigo of modern life,
the evocation of a slow journey is a sweet refuge..."

(F. Vázquez Saco)



CAMIÑO DE PERFECCIÓN

A cada etapa superada, algo se vai depositando na ánima do que camiña, xa que a satisfacción ten moito de sentimento da alma, vencedora do mundo exterior e dun mesmo, que consegue alcanzar unha dimensión superior e diferente.

E é posible que o peregrino considere que únicamente está a percorrer un Camiño físico, coa conseguinte satisfacción humana por logralo. Pero cando o Camiño finaliza, o camiñante descobre que, superado o camiño físico, finalizou unha longa viaxe interior que non ten por qué coincidir coa exterior, xa que esta se percorre polas revoltas da alma.

CAMINO DE PERFECCIÓN



A cada etapa superada, algo se va depositando en el ánima del que camina, ya que la satisfacción tiene mucho de sentimiento del alma, vencedora del mundo exterior y de uno mismo, que consigue alcanzar una dimensión superior y diferente.

Y es posible que el peregrino considere que únicamente está recorriendo un Camino físico, con la consiguiente satisfacción humana por lograrlo. Pero cuando el Camino finaliza, el caminante descubre que, superado el camino físico, ha finalizado un largo viaje interior que no tiene por qué coincidir con el exterior, ya éste se recorre por los recovecos del alma.

WAY TO PERFECTION

After each stage is overcome, something is deposited in the soul of the one who is walking, since satisfaction has a lot of feeling of the soul. This soul is a winner of the outside world and of oneself, which achieves a higher and a different dimension.

And it is possible that pilgrims may consider that they are only travelling a physical path, thereby achieving human satisfaction when they complete it. But when the Way ends, the walker discovers that, once the physical path has been overcome, a long inner journey has ended that does not have to match the exterior one, since this is traversed by the recesses of the soul.



"Ao final da nosa viaxe verémonos a nós mesmos como nenos acabados de nacer"

"Al final de nuestro viaje nos veremos a nosotros mismos como niños recién nacidos"

"At the end of our trip we will see ourselves as newborn babies"

(Jesús Torbado)



CAPITAL DE OCCIDENTE

A capital de Occidente é o final —ou o principio— no camiño vital do peregrino, para o que nada volverá ser como antes. O impacto da histórica cidade é acorde coa magnitud do Camiño, co esforzo, coa devoción.

E se dende o Monte do Gozo divisa o camiñante a cidade que o agarda, na gran praza do Obradoiro —asombrado ante os "xemelgos lirios de ousadía" que cantou Gerardo Diego— o peregrino sabe que completou o Camiño, que alcanzou a súa meta, que os esfuerzos pagaron a pena, e que a sensación que o embarga é moito más ca a satisfacción dun deber cumplido. É moito más, porque descubrirá que está en paz consigo mesmo, que por fin está na casa.

CAPITAL DE OCCIDENTE


La capital de Occidente es el final —o el principio— en el camino vital del peregrino, para el que nada volverá a ser como antes. El impacto de la histórica ciudad es acorde con la magnitud del Camino, con el esfuerzo, con la devoción.

Y si desde el Monte do Gozo divisa el caminante la ciudad que le aguarda, en la gran plaza del Obradoiro —asombrado ante los "mellizos lirios de osadía" que cantó Gerardo Diego— el peregrino sabe que ha completado el Camino, que ha alcanzado su meta, que los esfuerzos han valido la pena, y que la sensación que le embarga es mucho más que la satisfacción de un deber cumplido. Es mucho más, porque descubrirá que está en paz consigo mismo, que por fin está en casa.

CAPITAL OF THE WEST

The capital of the West is the end —or the beginning— in the vital Way of the pilgrim, for which nothing will be as it was before. The impact of the historic city is consistent with the magnitude of the Way, with the effort, with the devotion.

And if, from the Monte do Gozo, walkers see the city that awaits them, in the great Praza do Obradoiro, —amazed at the "lily-like twins of audacity" about whom sang Gerardo Diego— pilgrims know that they have completed the Way, that they have reached their goal, that their efforts have paid off, and that the feeling that overwhelms them is much more than the satisfaction of any well done job. It is much more, because pilgrims will find that they are at peace with themselves, that they are finally at home.




"Cidade de feítizos, Compostela, / de Santiago glorioso, rexio estrado..."

"Ciudad de hechizos, Compostela, / de Santiago glorioso, regio estrado..."

"City of enchantments, Compostela, / glorious and magnificent rostrum of Santiago..."

(Manuel Rodríguez López)



A TUMBA DO APÓSTOLO

É o lugar onde o Camiño finaliza. O viaxeiro poderá abrazar ao apóstolo, rezar ante os seus restos, caer de xeonllos ante o altar maior ou deixarse hipnotizar polo deambulando botafumeiro.

Gaiferos de Mormaltán, Duque de Aquitania, o máis simbólico dos peregrinos, consegue facer o Camiño e morrer ante o sepulcro do Apóstolo, para renacer a unha vida nova. "Se queres tirarme a vida, pódesma, Señor, tirar / porque morrerei contento nesta Santa Catedral"... Don Gaiferos morre ante o Apóstolo, feliz por cumplir o seu soño. Todos somos, á fin, viaxeiros. E Santiago é o noso destino. Alí, o Apóstolo espera o noso abrazo.

LA TUMBA DEL APÓSTOL


Es el lugar donde el Camino finaliza. El viajero podrá abrazar al apóstol, rezar ante sus restos, caer de rodillas ante el altar mayor o dejarse hipnotizar por el deambular del botafumeiro.

Gaiferos de Mormaltán, Duque de Aquitania, el más simbólico de los peregrinos, consigue hacer el Camino y morir ante el sepulcro del Apóstol, para renacer a una vida nueva. "Si quieres quitarme la vida, puedes, Señor, quitármela / porque moriré contento en esta Santa Catedral"... Don Gaiferos muere ante el Apóstol, feliz por haber cumplido su sueño. Todos somos, al fin, viajeros. Y Santiago es nuestro destino. Allí, el Apóstol espera nuestro abrazo.

THE TOMB OF THE APOSTLE

It is the place where the Way ends. The traveller will embrace the Apostle, pray before his remains, fall to his knees before the altar or be hypnotised by the swooping of the "botafumeiro".

Gaiferos of Mormaltán, Duke of Aquitaine, the most symbolic out of all the pilgrims, was able to finish the Way and die before the tomb of the Apostle, to be reborn into a new life. "If you want to throw away my life, You can do so, O Lord, / because I will die happy in this Holy Cathedral"... Don Gaiferos finally dies before the Apostle: happy, having fulfilled his dream. We are all, at last, travellers, and Santiago is our destiny. There the Apostle awaits our embrace.



"Rodou o teu sangue (...) e fixose vena secreta na carne de Galicia"

"Rodó tu sangre (...) y se hizo vena secreta en la carne de Galicia"

"Your blood was spilt (...) and in the flesh of Galicia it was made a secret vein"

(Miguel de Cervantes)

O CAMIÑO INTERIOR

Os peregrinos purificaban o seu corpo en Lavacolla antes de entrar en Compostela e colgaban as súas roupas vellas na Cruz dos Farrapos ou queimábanas, para simbolizar que deixaban atrás a carga que os oprimía...

Todo iso acredita que, ademais do Camiño físico, existe un Camiño interior, morada íntima, que o peregrino descobre, que non sabía que existía; que non existira ata entón. É recompensa non esperada a que o peregrino recibe ao descubrir un Camiño “interior”, diferente segundo cada experiencia, único por ser dun peregrino.

EL CAMINO INTERIOR

Los peregrinos purificaban su cuerpo en Lavacolla antes de entrar en Compostela y colgaban sus ropa vieja en la Cruz dos Farrapos o las quemaban, para simbolizar que dejaban atrás la carga que les oprimía...

Todo ello acredita que, además del Camino físico, existe un Camino interior, morada íntima, que el peregrino descubre, que no sabía que existía; que no había existido hasta entonces. Es recompensa no esperada la que el peregrino recibe al descubrir un Camino “interior”, diferente según cada experiencia, único por ser de un peregrino.

THE INTERIOR WAY

Pilgrims would purify their bodies in Lavacolla before entering Compostela and hanging their old clothes on the Farrapos Cross, or burning them, in order to symbolise that they left the burden that oppressed them behind them...

All this proves that, alongside the physical Way, there exists an inner path, an intimate abode, that pilgrims find, that they never knew it existed, that had not existed until then. It is an unexpected reward which the pilgrim is given to find an “interior” Way, different for each experience, unique, in that it belongs to a pilgrim.



“Santiago, mar de pedra / froles i escumas de séculos”

“Santiago, mar de piedra / flores y espumas de siglos”

“Santiago, sea of stone / flowers and foams of centuries”

(Celso Emilio Ferreiro)



A VIAJE DE VOLTA

Nada será igual. Vólvese á vida cotiá, á "normalidade", á rutina... pero o peregrino sábese diferente. É unha persoa nova.

E quizais volva ao Camiño. Ou a outros camiños. Ou non volverá facelo fisicamente, pero poderá recrearse no seu Camiño interior, de complexo e gratísimo trazado que só a el corresponde visitar. Pode que o que lle espere ao peregrino ao final da viaxe sexa un misterio. Pero, sen dúbida, é un misterio gozoso que o acompañará durante toda a súa vida.

EL VIAJE DE VUELTA

Nada será igual. Se vuelve a la vida cotidiana, a la "normalidad", a la rutina... pero el peregrino se sabe diferente. Es una persona nueva.

Y quizás vuelva al Camino. O a otros caminos. O no volverá a hacerlo fisicamente, pero podrá recrearse en su Camino interior, de complejo y gratísimo trazado que solo a él corresponde visitar. Puede que lo que le espere al peregrino al final del viaje sea un misterio. Pero, sin duda, es un misterio gozoso que le acompañará durante toda su vida.

THE JOURNEY BACK

Nothing will be the same again. One returns to everyday life, to "normality", to the routine... but pilgrims know that they are different. They are new persons.

And perhaps they will return to the Way, or to other paths. Or perhaps they will not do it again physically, but they will be able to recreate their inside Way, a complex and very pleasing route that only they can visit. Maybe what is awaiting pilgrims at the end of the trip is a mystery. But it is for sure, that it is a joyful mystery that will accompany them throughout the rest of their lives.



"Santiago, fin da viaxe, faise comezo de todas as viaxes"

"Santiago, fin del viaje, se hace comienzo de todos los viajes"

"Santiago, the end of the journey, becomes the start of all journeys"

(Eduardo Chamorro)

